



Concello de Lugo

**ACTAS E GOBERNO**

RBB/mbfc

Refª: 20extractoxg25

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 12-8-2020

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 12 DE AGOSTO DE 2020.**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día 12 de agosto de 2020, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.<sup>ª</sup> LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. ÁLVARO SANTOS RAMOS, D.<sup>ª</sup> ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D.<sup>ª</sup> TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.<sup>ª</sup> MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, don Álvaro Santos Ramos, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don Rafael José del Barrio Berbel, en substitución da Vicesecretaria, e a Interventora Xeral Municipal accidental, dona María Concepción Castro-Gil Iglesias, nomeada en virtude de Resolución da Dirección Xeral de Administración Local do 7 de agosto de 2020, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

**ACTA.-** Apróbase a acta da sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 27 de xullo de 2020.

**ÁREA DE GOBERNO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL SOSTIBLE**

**1. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase conceder as seguintes licenzas: para instalación de ascensor no edificio de vivendas sito na rúa Doutor Gasalla, portal número 3 (Expte 2020/Y001/000131).- lpa10-Y001-000131.120; para reforma parcial de anexo de vivenda unifamiliar pareada existente, sita na rúa Veterinario Rof Codina, número 83 (Expte: 2020/Y001/000010).- lpa10-Y001-000010.120; para reforma de edificio en construción composto de planta baixa e primeira para supermercado con aparcadoiro vinculado, consistentes en pequenas modificacións e movementos de locais de instalación e redución da superficie da planta primeira, na avenida Infanta Elena, número 208 (expte: 2020/Y001/000198).- lpa10-Y001-000198.120; para rehabilitación de vivenda unifamiliar composta de planta baixa, planta primeira, baixo cuberta e anexo para garaxe, con demolición de fachada principal para axustar o edificio a aliñación, na rúa Chantada, número 3 (Expte : 354/2017).- lpa10354.117; e para rehabilitación para mellora da eficiencia energética do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Lugo, sito na ronda da Muralla número 70 (Expte: 2020/Y001/000083).- lpa15-Y001-000083.120.

**ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS**

**2. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.-** Acórdase a aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas así como do gasto, a adxudicación por procedemento aberto simplificado e apertura do procedemento de

**ACTAS E GOBERNO**

RBB/mbfc

Refª: 20extractoxg25

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 12-8-2020

adxudicación para a contratación da obra de reforma dos locais do segundo andar do centro cívico Uxío Novoneyra. Exp. ref. 2020-C002-00022.

Acórdase a incoación de expediente de modificación do contrato da prestación dun servizo de comedor escolar (almorzo e xantar) e apoio ao comedor (lote 2) levadas a cabo pola Concellería de Educación nos CEIP do Concello de Lugo. Expte ref. 24-2017.

Tamén se acorda a aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas así como do gasto, a adxudicación por procedemento aberto simplificado e a apertura do procedemento de adxudicación para a contratación da obra de rehabilitación da Praza de Abastos de Lugo fase 2 – acondicionamento planta semisoto. Exp. ref. 2020-C002-000023.

**Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Local Sostible e Concelleiro-Secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, Álvaro Santos Ramos (Decreto número 19005684, do 1 de xullo de 2019, modificado polo 19005695, do 3 de xullo de 2019).**